

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 8559** *Real decreto 609/2013, do 2 de agosto, polo que se establecen os limiares de renda e patrimonio familiar e as contías das bolsas e axudas ao estudo para o curso 2013-2014, e se modifica parcialmente o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.*

O cumprimento do deber constitucional de garantir a igualdade dos cidadáns no acceso á educación require a remoción de calquera obstáculo de natureza socioeconómica que dificulte ou impida o exercicio deste dereito fundamental. Alén da educación básica, as prestacións educativas perden as notas de obrigatoriedade e/ou gratuidade, pero a garantía constitucional do dereito á educación exige que ninguén quede excluído do acceso ao ensino de niveis que non sexan obrigatorios ou gratuítos por razóns socioeconómicas, para o cal é preciso establecer mecanismos de exención de taxas e prezos públicos ou de compensación destes gastos aos beneficiarios, a través de bolsas e axudas ao estudo. Deste modo, pode inferirse que o Constituínte fixou a obriga dos poderes públicos de establecer un sistema de bolsas e axudas para garantir o dereito de todos á educación.

Neste sentido, o lexislador orgánico abordou estes aspectos, en cumprimento da súa responsabilidade contida no artigo 81.1 da Constitución («desenvolvemento dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas»), no artigo 6.3.h) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, no artigo 45 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e no artigo 83 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. A través destas disposicións conformáronse as bolsas e axudas no ensino postobrigatorio como un elemento esencial do dereito á educación que se sustenta nun dobre principio: compensación das condicións socioeconómicas desfavorables dos seus beneficiarios e concesión en función do aproveitamento e rendemento escolar.

Por outra parte, a disposición adicional novena da Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reforma para o impulso da produtividade, estableceu a concesión directa aos alumnos de estudos regrados do sistema educativo, tanto universitarios como non universitarios, das bolsas e axudas ao estudo que se convoquen con cargo aos orzamentos do Ministerio de Educación para as cales non se fixe un número determinado de beneficiarios.

Neste marco xurídico, o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo cal se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas, establece os elementos estruturais básicos do sistema: as modalidades das bolsas, as condicións académicas e económicas, os supostos de incompatibilidade, revogación e reintegro e cantos requisitos, condicións socioeconómicas ou outros factores sexan precisos para asegurar a igualdade no acceso á educación. En calquera caso, difírese a un real decreto anual a determinación de dous parámetros cuantitativos que, polo seu carácter conxuntural, non se poden establecer con carácter xeral: os limiares de renda e patrimonio cuxa superación determina a perda do dereito á obtención da bolsa ou axuda, e o importe dos diferentes compoñentes e contías das bolsas e axudas ao estudo.

O Goberno encóntrase firmemente comprometido coa dimensión social da educación e cunha política de bolsas e axudas ao estudo que garanta que ningún estudante abandone os seus estudos postobrigatorios por motivos económicos, e asegurar así a cohesión social e a igualdade de oportunidades, para o que mantivo o esforzo financeiro malia o estrito marco de contención do gasto público. Pero, ademais de cumprir a súa función de asegurar a igualdade de oportunidades de todos aqueles que, tendo vocación e aptitudes para o estudo, carecen dos medios económicos necesarios para emprendelos ou continuálos, a política de bolsas e axudas ao estudo debe ser un instrumento de

estímulo á mellora do rendemento académico dos estudantes, especialmente dos estudantes dos niveis superiores do sistema educativo.

Xa en cursos anteriores se avanzaron algunhas medidas nesta dirección e se anunciaron as que se poñerían en vigor no curso 2013/14. É propósito decidido do Goberno seguir avanzando por esta vía do esforzo, a responsabilidade e un mellor rendemento académico, e reforzar así a equidade e a igualdade de oportunidades para conseguir que a educación contribúa á promoción social e garantir, asemade, a maior eficiencia dos importantes recursos públicos destinados á política de bolsas e axudas ao estudo.

Así, este real decreto ten dúas finalidades: por un lado, establece para o curso académico 2013/14 os parámetros económicos das bolsas e axudas ao estudo do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e fixa as súas contías, así como os limiares de patrimonio e renda familiar por enriba dos cales desaparece o dereito á súa obtención. Por outra parte, acométese unha reforma da estrutura do sistema que pretende reforzar a súa eficacia na consecución dos obxectivos propostos e mellorar a eficiencia na asignación dos recursos públicos, con especial atención a situacións de necesidade.

Este real decreto conta con informes favorables do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Foi ademais obxecto de ditame do Consello Escolar do Estado e de informe do Consello de Universidades e do Consello de Estudantes Universitario do Estado, e na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas a través da Conferencia de Educación e da Conferencia Xeral de Política Universitaria.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de agosto de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto determinar os seguintes parámetros cuantitativos polos que se rexerán as convocatorias de bolsas e axudas ao estudo correspondentes ao curso académico 2013/14 financiadas con cargo ao orzamento do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte:

- a) A contía das diferentes modalidades das bolsas e axudas ao estudo reguladas no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas ao estudo personalizadas.
- b) Os limiares de renda e patrimonio familiar por enriba dos cales desaparece o dereito á percepción das bolsas e axudas ao estudo.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Para o curso académico 2013/14 e con cargo aos créditos correspondentes dos orzamentos xerais do Estado, publicaranse as seguintes convocatorias de bolsas e axudas ao estudo, sen número determinado de persoas beneficiarias:

1. Convocatoria de bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, dirixidas ás seguintes ensinanzas postobrigatorias e superiores:

- a) Bacharelato.
- b) Formación profesional de grao medio e de grao superior.
- c) Ensinanzas artísticas profesionais.
- d) Ensinanzas deportivas.
- e) Ensinanzas artísticas superiores.
- f) Estudos relixiosos superiores.

- g) Estudos militares superiores e de grao.
- h) Estudos de idiomas realizados en escolas oficiais de titularidade das administracións educativas, incluída a modalidade de distancia.
- i) Cursos de acceso e cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional e cursos de formación específicos para o acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior impartidos en centros públicos e en centros privados concertados que teñan autorizadas ensinanzas de formación profesional.
- j) Programas de cualificación profesional inicial.
- k) Ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de grao e de máster.
- l) Ensinanzas universitarias conducentes aos títulos oficiais de licenciado, enxeñeiro, arquitecto, diplomado, mestre, enxeñeiro técnico e arquitecto técnico.
- m) Curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas.
- n) Complementos de formación necesarios para o acceso ou obtención do máster e do grao así como para diplomados universitarios que desexen proseguir estudos oficiais de licenciatura.

2. Convocatoria de axudas ao estudo para estudantes con necesidade específica de apoio educativo.

CAPÍTULO II

Bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral

Artigo 3. *Contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas non universitarias.*

1. As contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas indicadas nas letras a) a j) do artigo 2.1 que se poderán percibir nos supostos previstos neste real decreto serán as seguintes:

- a) Contía fixa ligada á renda do solicitante: 1.500 euros.
- b) Contía fixa ligada á residencia do solicitante durante o curso: 1.500 euros. Non obstante, en ningún caso a dita contía poderá superar o custo real da prestación.
- c) Bolsa básica: 200 euros.
- d) Contía variable, cuxo importe mínimo será de 60 euros.

2. Os que cursen, en réxime presencial e matrícula completa, os estudos enumerados nas letras a), b), c), d), e), f) e g) do artigo 2.1 poderán percibir as contías fixas e a contía variable. Para a adxudicación da contía ligada á residencia do estudante durante o curso requirirase que o solicitante curse estudos presenciais cun número mínimo de horas lectivas e que acredite a necesidade de residir fóra do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre este e o centro docente, os medios de comunicación existentes e os horarios lectivos. Para estes efectos, considerarase como domicilio familiar o máis próximo ao centro docente que pertenza ou no cal resida de forma habitual algún membro computable da unidade familiar, aínda que non coincida co domicilio legal do solicitante.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste punto serán os seguintes:

1.º Limiar 1: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras a), b) e d) do punto 1.

2.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 1 e non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras b), c) e d) do punto 1.

3.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter unicamente a bolsa básica.

3. Os que cursen os estudos enumerados nas letras h), i) e j) do artigo 2.1, así como os que realicen o proxecto fin de carreira, cursen estudos en modalidade distinta da presencial ou opten por matrícula parcial poderán percibir a bolsa básica e a contía variable mínima.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste punto serán os seguintes:

1.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a bolsa básica e a contía variable mínima.

2.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter unicamente a bolsa básica.

Artigo 4. Contías das bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral para as ensinanzas universitarias.

1. As contías das bolsas de carácter xeral para as ensinanzas indicadas nas letras k) a n) do artigo 2.1 que se poderán percibir nos supostos previstos neste real decreto serán as seguintes:

- a) Contía fixa ligada á renda do solicitante: 1.500 euros.
- b) Contía fixa ligada á residencia do solicitante durante o curso: 1.500 euros. Non obstante, en ningún caso a dita contía poderá superar o custo real da prestación.
- c) Contía variable, cuxo importe mínimo será de 60 euros.
- d) Bolsa de matrícula: comprenderá o prezo público oficial dos servizos académicos universitarios correspondente aos créditos en que se matriculase o estudante por primeira vez no curso 2013/14.

Non formarán parte da bolsa de matrícula aqueles créditos que excedan o mínimo necesario para obter a titulación de que se trate.

No caso dos estudantes de universidades privadas, a contía desta bolsa será igual ao prezo mínimo establecido pola comunidade autónoma para un estudo coa mesma experimentalidade nunha universidade pública desa mesma comunidade autónoma.

A compensación ás universidades das contías da bolsa de matrícula a que se refiren os parágrafos anteriores efectuarase conforme o previsto na disposición adicional terceira.

2. Os que cursen os estudos enumerados nas letras k) e l) do artigo 2.1 en réxime de ensinanza presencial e con matrícula completa poderán percibir as contías fixas, a contía variable e a bolsa de matrícula. Para a adxudicación da contía ligada á residencia do estudante durante o curso requirirase que o solicitante acredite a necesidade de residir fóra do domicilio familiar durante o curso, por razón da distancia entre este e o centro docente, os medios de comunicación existentes e os horarios lectivos. Para estes efectos, considerarase como domicilio familiar o máis próximo ao centro docente que pertenza ou no cal resida de forma habitual algún membro computable da unidade familiar, aínda que non coincida co domicilio legal do solicitante.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste punto serán os seguintes:

1.º Limiar 1: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 1 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras a), b), c) e d) do punto 1.

2.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 1 e non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter as contías a que se refiren as letras b), c) e d) do punto 1.

3.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter unicamente a bolsa de matrícula.

3. Os que realicen o curso de preparación para o acceso á universidade de maiores de 25 anos impartido por universidades públicas, os que cursen complementos de formación ou realicen o proxecto de fin de carreira que non constitúa unha disciplina ordinaria do plan de estudos, así como os que opten por matrícula parcial ou cursen ensinanzas en modalidade distinta da presencial, poderán obter a bolsa de matrícula e a contía variable mínima.

Os limiares de renda aplicables para a concesión das contías das bolsas previstas neste punto serán os seguintes:

1.º Limiar 2: os solicitantes cuxa renda non supere o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter a bolsa de matrícula e a contía variable mínima.

2.º Limiar 3: os solicitantes cuxa renda supere o limiar 2 e non supere o limiar 3 de renda familiar establecido neste real decreto poderán obter unicamente a bolsa de matrícula.

Artigo 5. *Contía variable.*

1. Os recursos asignados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para a convocatoria do curso escolar 2013/2014 de bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, a excepción daqueles que se destinen a compensar as bolsas de matrícula, aplicaranse, en primeiro lugar, á cobertura das bolsas básicas e das contías fixas ligadas á renda e á residencia do solicitante segundo o indicado nos artigos 3 e 4, así como das contías adicionais previstas no artigo 6, das contías adicionais previstas na disposición adicional primeira e dos importes das contías variables mínimas indicadas nos artigos 3.3 e 4.3 deste real decreto e nos artigos 12, 18.1, 19.1, 20.1, 22.2, 26 e disposición transitoria primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro.

O importe que, se é o caso, reste tras realizar as operacións indicadas no parágrafo anterior, dependendo das dispoñibilidades orzamentarias, asignarase á cobertura da contía variable, que se distribuirá entre os solicitantes en función da renda familiar e do rendemento académico dos estudantes, mediante a aplicación da fórmula establecida no artigo 9.2 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte determinará a porcentaxe do dito importe que se destinará a contía variable, que corresponda aos estudantes universitarios e non universitarios, respectivamente.

Para a concesión da contía variable, a renda do solicitante non poderá superar o limiar 2 de renda familiar establecido neste real decreto.

2. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá realizar unha distribución provisional do 50 % da contía variable entre as solicitudes tramitadas na convocatoria en curso.

Para o cálculo do importe que se distribuirá de forma provisional para as contías variables terase en conta o importe dos recursos asignados á convocatoria dispoñibles, unha vez asignados os importes que correspondan á contías fixas indicadas no primeiro parágrafo do punto 1 en relación co número de solicitudes tramitadas na convocatoria en curso.

Unha vez que o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte recibise todas as solicitudes tramitadas polas comunidades autónomas e as universidades, procederá a realizar a distribución definitiva do 100 % da contía variable entre todas as solicitudes con dereito á contía variable.

3. O importe reservado para compensar as bolsas de matrícula aboarase unha vez que se reciba no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a información das universidades sobre prezos públicos devindicados polos bolseiros aos cales corresponda a bolsa de matrícula, sen prexuízo da posibilidade de realizar pagamentos á conta ás universidades.

Artigo 6. *Contías adicionais.*

1. O importe que resulte da concesión das bolsas e axudas ao estudo establecidas nos artigos 3 e 4 deste real decreto incrementarase nunha das seguintes contías adicionais:

a) Conforme o mandato contido no artigo 138.1 da Constitución, as persoas beneficiarias de bolsas e axudas ao estudo con domicilio familiar na España insular ou en Ceuta ou Melilla que se vexan na necesidade de utilizar transporte marítimo ou aéreo para acceder ao centro docente no cal cursen os seus estudos desde o seu domicilio, dispoñerán de 442 euros máis sobre a contía das bolsas e axudas ao estudo que lles correspondesen.

b) Esta cantidade adicional será de 623 euros para os bolseiros con domicilio familiar nas illas de Lanzarote, Fuerteventura, La Gomera, El Hierro e La Palma, Menorca e as Pitiusas.

c) No caso de que o estudante teña que desprazarse entre as illas Baleares ou as illas Canarias e a península, as cantidades a que se refiren as letras a) e b) anteriores serán de 888 e 937 euros, respectivamente.

2. As contías adicionais indicadas no punto anterior serán tamén aplicables aos estudantes matriculados en centros oficiais de bacharelato a distancia que residan en territorio insular que careza de centro asociado ou colaborador.

CAPÍTULO III

Axudas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Artigo 7. *Estudos comprendidos.*

1. Convocaranse axudas ao estudo e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta ou asociada a alta capacidade intelectual que curse estudos nos niveis de segundo ciclo de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, ciclos formativos de grao medio e de grao superior e programas de cualificación profesional inicial.

Os subsidios atenderán aos gastos de comedor escolar e de transporte escolar e concederanse ao alumnado con necesidades educativas especiais que pertencen a familias numerosas.

2. Os compoñentes e contías das axudas e subsidios para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade serán os seguintes:

Compoñentes	Educación primaria, ESO e programas de cualificación profesional inicial	Resto de niveis educativos
	Contías (euros)	
Axuda de ensino	Ata 862	Ata 862.
Axuda ou subsidio de transporte escolar	Ata 617	Ata 617.
Axuda ou subsidio de comedor escolar	Ata 574	Ata 574.
Axuda de residencia escolar	Ata 1.795	Ata 1.795.
Axuda para transporte de fin de semana	Ata 442	Ata 442.
Axuda para transporte urbano	Ata 308	Ata 308.
Axuda para material escolar	Ata 105	Ata 204.
Axuda para reeducación pedagóxica	Ata 913	Ata 913.
Axuda para reeducación da linguaxe	Ata 913	Ata 913.

3. As contías establecidas no punto anterior para as axudas ou subsidios de transporte incrementaranse ata un 50 % cando o alumno presente unha discapacidade motora recoñecida superior ao 65 %.

4. Non se concederán axudas nin subsidios cando os gastos aos que atenden se encontren cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos ou, se é o caso, por axudas concedidas aos centros para financiar o correspondente servizo. No nivel de educación infantil non se concederán axudas para material escolar.

5. O alumnado con altas capacidades intelectuais poderá obter, nos termos previstos no artigo 11 do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, unha axuda de ata 913 euros para o pagamento dos gastos derivados da inscrición e asistencia a programas específicos para este colectivo.

6. O limiar de renda aplicable para a concesión dos compoñentes das axudas ao estudo para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo será o seguinte:

Número de membros da familia	Limiar (euros)
Familias dun membro	11.937
Familias de dous membros	19.444
Familias de tres membros	25.534
Familias de catro membros	30.287
Familias de cinco membros	34.370
Familias de seis membros	38.313
Familias de sete membros	42.041
Familias de oito membros	45.744

A partir do oitavo membro engadiranse 3.672 euros por cada novo membro computable da familia.

7. Para a concesión dos subsidios non se atenderá á renda nin ao patrimonio familiar.

CAPÍTULO IV

Os limiares de renda e patrimonio familiar

Artigo 8. *Limiares de renda familiar.*

1. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, o limiar 1 de renda familiar para o curso 2013/14 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as Administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte financiará as bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa, incluíndo o compoñente da bolsa de matrícula nos termos establecidos na disposición adicional terceira. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a comunidade autónoma convocante.

Número de membros da familia	Intervalo (euros)
Familias dun membro	Entre 3.771 e 3.962.
Familias de dous membros	Entre 7.278 e 7.646.
Familias de tres membros	Entre 10.606 e 11.143.
Familias de catro membros	Entre 13.909 e 14.613.
Familias de cinco membros	Entre 17.206 e 18.076.
Familias de seis membros	Entre 20.430 e 21.463.
Familias de sete membros	Entre 23.580 e 24.773.
Familias de oito membros	Entre 26.660 e 28.009.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.079 e 3.235 euros por cada novo membro computable da familia.

2. O limiar 2 de renda familiar para o curso 2013/14 será o recollido na seguinte táboa:

Número de membros da familia	Euros
Familias dun membro	13.236
Familias de dous membros	22.594
Familias de tres membros	30.668
Familias de catro membros	36.421
Familias de cinco membros	40.708
Familias de seis membros	43.945
Familias de sete membros	47.146
Familias de oito membros	50.333

A partir do oitavo membro engadiranse 3.181 euros por cada novo membro computable da familia.

3. De conformidade co previsto na letra e) da disposición adicional primeira do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, o limiar 3 de renda familiar para o curso 2013/14 fixarase nas convocatorias que aproben o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e as administracións educativas competentes que asumisen o pleno exercicio das competencias previstas no dito real decreto.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte financiará as bolsas suxeitas ao extremo inferior do intervalo recollido na seguinte táboa, incluíndo o compoñente da bolsa de matrícula nos termos establecidos na disposición adicional terceira. As bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado financiaranse ao cincuenta por cento entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a comunidade autónoma convocante.

Número de membros da familia	Intervalo (euros)
Familias dun membro	Entre 14.112 e 14.826.
Familias de dous membros	Entre 24.089 e 25.308.
Familias de tres membros	Entre 32.697 e 34.352.
Familias de catro membros	Entre 38.831 e 40.796.
Familias de cinco membros	Entre 43.402 e 45.598.
Familias de seis membros	Entre 46.853 e 49.224.
Familias de sete membros	Entre 50.267 e 52.810.
Familias de oito membros	Entre 53.665 e 56.380.

A partir do oitavo membro engadiranse entre 3.391 e 3.562 euros por cada novo membro computable da familia.

Artigo 9. *Cálculo da renda familiar.*

1. A renda familiar para efectos de bolsa ou axuda obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza, calculadas segundo se indica nos puntos seguintes e de conformidade coa normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas. Para efectos das bolsas e axudas ao estudo do curso 2013/14, computarase o exercicio 2012.

2. Para a determinación da renda dos membros computables que presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, procederase do modo seguinte:

a) Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro, excluíndo todos os saldos netos negativos de ganancias e perdas patrimoniais de 2008 a 2011 e o saldo

neto negativo de rendementos do capital mobiliario de 2008, 2009, 2010 e 2011, que se integrarán na base imponible do aforro.

b) Deste resultado restarase a cota resultante da autoliquidación.

3. Para a determinación da renda dos demais membros computables que obteñan ingresos propios e non presentasen declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas seguirase o procedemento descrito na letra a) do punto 2 e do resultado obtido restaranse os pagamentos á conta efectuados.

Artigo 10. *Deducións da renda familiar.*

No curso 2013/14 aplicaranse as seguintes deducións da renda familiar:

a) O 50 % dos ingresos achegados por calquera membro computable da familia distinto dos sustentadores principais.

b) 500 euros por cada irmán que conviva no domicilio familiar, incluído o solicitante, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral, e 765 euros se se trata de familias numerosas de categoría especial, sempre que teña dereito a este beneficio. Cando sexa o propio solicitante o titular da familia numerosa, as cantidades sinaladas serán computadas en relación cos fillos que a compoñan. Esta dedución será de ata 2.000 euros na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

c) 1.811 euros por cada irmán ou fillo do solicitante ou o propio solicitante que presente discapacidade, legalmente recoñecida, de grao igual ou superior ao 33 %; ou 2.881 euros cando a discapacidade sexa de grao igual ou superior ao 65 %. Esta dedución será de 4.000 euros polo solicitante e outro tanto por cada un dos seus irmáns con discapacidade legalmente cualificada de grao igual ou superior ao 33 % na convocatoria de axudas para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

d) 1.176 euros por cada irmán do solicitante menor de 25 anos ou o propio solicitante que curse estudos universitarios e resida fóra do domicilio familiar, cando sexan dous ou máis os estudantes con residencia fóra do domicilio familiar por razón de estudos universitarios.

e) Incrementarase o limiar de renda familiar aplicable nun 20 % cando o solicitante sexa orfo absoluto e menor de 25 anos.

Artigo 11. *Limiars indicativos de patrimonio familiar.*

1. Calquera que sexa a renda familiar calculada segundo o disposto nos artigos 9 e 10, denegarase as bolsas ou axudas ao estudo solicitadas para o curso 2013/14 cando se superen os limiars indicativos de patrimonio familiar que se fixan a continuación:

a) A suma dos valores catastrais dos predios urbanos que pertencen aos membros computables da familia, excluída a vivenda habitual, non poderá superar 42.900 euros. En caso de inmobles en que a data de efecto da última revisión catastral estivese comprendida entre o 1 de xaneiro de 1990 e o 31 de decembro de 2002, multiplicaranse os valores catastrais por 0,49. No caso de que a data da mencionada revisión fose posterior ao 31 de decembro de 2002, os valores catastrais multiplicaranse polos coeficientes seguintes:

Por 0,43 os revisados en 2003.

Por 0,37 os revisados en 2004.

Por 0,30 os revisados en 2005.

Por 0,26 os revisados en 2006.

Por 0,25 os revisados en 2007.

Por 0,25 os revisados en 2008.

Por 0,26 os revisados en 2009.

Por 0,28 os revisados en 2010.

Por 0,30 os revisados en 2011.

Por 0,32 os revisados en 2012.

Nos inmobles situados na Comunidade Foral de Navarra, o valor catastral multiplicarase en todo caso por 0,50.

A Dirección Xeral do Catastro facilitará a relación de municipios que correspondan a cada unha das situacións indicadas, para os efectos de aplicación do coeficiente de ponderación.

b) A suma dos valores catastrais dos predios rústicos que pertencen aos membros computables da familia non poderá superar 13.130 euros por cada membro computable.

c) A suma de todos os rendementos netos reducidos do capital mobiliario máis o saldo neto positivo de todas as ganancias e perdas patrimoniais pertencente aos membros computables da familia, excluíndo as subvencións recibidas para adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual e, se é o caso, a renda básica de emancipación, non poderá superar 1.700 euros.

Non se terán en conta para os efectos previstos neste punto os premios en metálico ou en especie obtidos pola participación en xogos, concursos, rifas ou combinacións aleatorias ata o límite de 1.500 euros.

2. En todo caso, o valor dos elementos indicativos de patrimonio será determinado de conformidade co disposto na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas polo seu valor en 31 de decembro de 2012.

3. Cando sexan varios os elementos indicativos do patrimonio descritos no punto anterior dos que dispoñan os membros computables da familia, calcularase a porcentaxe de valor de cada elemento respecto do limiar correspondente. Denegarase as bolsas e axudas ao estudo solicitadas cando a suma das referidas porcentaxes supere o valor cen.

4. Tamén se denegará a bolsa ou axuda ao estudo solicitada cando se comprobe que a suma dos ingresos que se indican a continuación obtida polos membros computables da familia supere a cantidade de 155.500 euros:

a) Ingresos procedentes de actividades económicas en estimación directa ou en estimación obxectiva.

b) Ingresos procedentes dunha participación dos membros computables igual ou superior ao cincuenta por cento en actividades económicas desenvolvidas a través de entidades sen personalidade xurídica ou calquera outra clase de entidade xurídica, unha vez aplicada aos ingresos totais das actividades a porcentaxe de participación nelas.

5. Para os efectos do cómputo do valor dos elementos a que se refiren os puntos anteriores, deducirase o 50 % do valor daqueles que pertencen a calquera membro computable da familia, excluídos os sustentadores principais.

Disposición adicional primeira. *Medidas específicas para compensar as desvantaxes dos estudantes universitarios con discapacidade.*

1. As contías fixas das bolsas e axudas ao estudo establecidas para os estudantes universitarios, a excepción das bolsas de matrícula, poderanse incrementar ata un 50 % cando o solicitante presente unha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 %, legalmente cualificada.

Non se concederán axudas cando os gastos aos que atenden se encontren cubertos suficientemente por servizos ou fondos públicos.

2. Cando o solicitante presente unha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 % legalmente cualificada, as deducións previstas nas letras b) e c) do artigo 10 para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo aplicaranse exclusivamente ao citado solicitante. Aos irmáns do solicitante seranlles de aplicación as deducións previstas con carácter xeral.

3. O número de créditos de que deban quedar matriculados e que deban superar os solicitantes de bolsas e axudas ao estudo establecerase nas convocatorias correspondentes e minorarase no caso dos estudantes con discapacidade legalmente cualificada, e reducirase a carga lectiva necesaria para cumprir o requisito de matrícula un 50 %, como máximo, cando o solicitante presente unha discapacidade de grao igual ou superior ao 65 %.

Disposición adicional segunda. *Prolongación dos estudos universitarios.*

Naqueles supostos nos cales os requisitos e condicións aplicables permitan o aproveitamento de bolsas e axudas ao estudo durante un ou dous anos máis dos establecidos no plan de estudos da correspondente titulación universitaria, a convocatoria poderá establecer que a contía das bolsas e axudas ao estudo que se concedan para o último destes cursos adicionais sexan do 50 % das que correspondesen ao solicitante, con excepción da bolsa de matrícula que cubrirá a totalidade dos créditos dos que se matricule por primeira vez.

Disposición adicional terceira. *Compensación ás universidades pola exención de matrícula.*

1. Durante o curso 2013/14, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte achegará ás universidades, en concepto de compensación dos prezos públicos por servizos académicos correspondentes aos alumnos bolseiros exentos do seu pagamento, unha cantidade por alumno con bolsa igual á do prezo público fixado para a titulación correspondente no curso 2011/12, actualizada nun 1 % de conformidade co previsto no artigo 7.2 do Real decreto lei 14/2012, do 20 de abril, de medidas de racionalización do gasto público no ámbito educativo.

2. No caso de novas titulacións que non existisen no curso 2011/2012, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte compensará ás universidades o importe correspondente aos prezos públicos fixados no curso 2011/2012 para titulacións do mesmo grao de experimentalidade na súa comunidade autónoma, actualizado nos termos previstos no punto anterior.

3. No suposto de bolseiros matriculados nos másters que no curso de referencia 2011/2012 se denominaban «másters con prezo diferenciado», o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte compensará á universidade o importe non aboado polo estudante bolseiro ata un máximo de 2.100 euros.

4. Sobre as bases de cálculo fixadas nos parágrafos anteriores cuantificarase a compensación da bonificación do 50 % das matrículas correspondente a estudantes que pertencen a familias numerosas de tres fillos e asimiladas.

5. Cando a cantidade achegada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte á universidade pública resultase inferior ao custo das bolsas de matrícula, nos termos definidos no artigo 4.1.d), calculado ao prezo público efectivamente fixado pola comunidade autónoma para o curso 2013/14, corresponderalle á dita comunidade autónoma compensar as universidades públicas pola diferenza, de modo que o beneficiario da bolsa quede efectivamente exento de calquera obriga económica.

Disposición transitoria primeira. *Axudas para a adquisición de libros convocadas polas comunidades autónomas.*

Durante o curso 2013/14 non serán de aplicación as normas reguladoras dos requisitos económicos contidas neste real decreto e no Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, ás convocatorias de axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar nos niveis obrigatorios, publicadas polas comunidades autónomas e cofinanciadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Disposición transitoria segunda. *Convenios de cofinanciamento.*

Excepcionalmente para o curso 2013/14 as comunidades autónomas que iniciasen a negociación para o traspaso das funcións e servizos en materia de xestión de bolsas e axudas ao estudo personalizadas, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, poderán acordar, a través dun convenio co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, a convocatoria e o

cofinanciamento con cargo aos seus propios orzamentos do 50 % das bolsas que se concedan aos estudantes cuxa renda familiar se sitúe dentro do intervalo fixado no artigo 8, puntos 1 e 3.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial e carácter de lexislación básica.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro das regras 1.^a e 30.^a do artigo 149.1 da Constitución, que lle reservan ao Estado a competencia para establecer as normas básicas para o desenvolvemento do dereito á educación, co obxecto de garantir a igualdade de todos os españois no seu exercicio.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas.*

Modifícase o Real decreto 1721/2007, do 21 de decembro, polo que se establece o réxime das bolsas e axudas personalizadas, nos termos que se recollen a continuación:

Un. O parágrafo d) do punto 1 do artigo 4 quedará redactado como segue:

«d) Ser español. No caso de cidadáns da Unión ou dos seus familiares, beneficiarios dos dereitos de libre circulación e residencia, requirirase que teñan a condición de residentes permanentes ou que acrediten ser traballadores por conta propia ou allea. No suposto de estranxeiros non comunitarios, aplicarase o disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.»

Dous. O punto 1 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«1. As contías das bolsas e axudas, así como dos seus diferentes compoñentes, fixaranse antes de cada curso académico atendendo ás dispoñibilidades orzamentarias.»

Tres. O artigo 9 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *Modalidades das bolsas nas ensinanzas postobrigatorias.*

Nas ensinanzas enumeradas no artigo 3.1 poderanse conceder bolsas que incluírán algunha ou algunhas das seguintes contías:

1. Contías fixas:

a) Bolsa de matrícula: todos os solicitantes que cursen estudos universitarios e que cumpran os requisitos establecidos na correspondente convocatoria terán dereito a percibir a bolsa de matrícula.

b) Contía fixa ligada á renda do solicitante.

c) Contía fixa ligada á residencia do estudante durante o curso escolar cuxa contía non será, en ningún caso, superior ao custo real da prestación.

d) Bolsa básica.

Para cada curso académico fixaranse os importes a que se refiren as letras b), c) e d) anteriores.

2. Contía variable: a bolsa poderá incluír, así mesmo, unha contía variable e distinta para os diferentes solicitantes que resultará da ponderación da nota media do expediente do estudante e da súa renda familiar. Para cada curso académico poderanse fixar importes mínimos e/ou máximos para a contía variable.

Os recursos asignados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para cada convocatoria, a excepción daqueles que se destinen a compensar as bolsas de matrícula, asignaranse, en primeiro lugar, á cobertura das contías indicadas nas letras b), c) e d) do punto anterior, e ás que indiquen os reais decretos anuais que

fixen os limiares económicos e os demais requisitos necesarios para obter bolsa ou axuda ao estudo, para todos os estudantes que resulten beneficiarios destas segundo estableza a convocatoria. O importe que, se é o caso, reste tras realizar as operacións anteriormente indicadas, dependendo das dispoñibilidades orzamentarias asignarase á cobertura da contía variable, que se distribuirá entre os solicitantes de cada convocatoria en función da súa renda familiar e do seu rendemento académico mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$C_j = C_{\min} + \left[(C_{\text{total}} - S * C_{\min}) * \frac{\left(N_j / N_{\max} \right) * \left(1 - \left(\frac{R_j}{R_{\max}} \right) \right)}{\sum_{i=1}^S \left(N_i / N_{\max} \right) * \left(1 - \left(\frac{R_i}{R_{\max}} \right) \right)} \right]$$

C_j = contía variable que percibirá o bolsreiro.

C_{\min} = contía variable mínima, que se establecerá nos reais decretos anuais que fixen os limiares económicos e os demais requisitos necesarios para obter bolsa ou axuda ao estudo.

C_{total} = importe total que se distribuirá de forma variable: en cada convocatoria poderanse fixar unha ou máis masas de recursos que se distribuirán, en función do tipo de ensinanzas.

S = número de perceptores de contía variable.

N_j = nota media do bolsreiro. Para o cálculo desta nota media computaranse tamén as cualificacións correspondentes a disciplinas ou créditos non superados, se os houber.

N_i = nota media de cada un dos bolsreiros a que se refire S .

N_{\max} = nota media obtida polo mellor decil de bolsreiros no caso de estudantes non universitarios, ou nota media obtida polo mellor decil de bolsreiros da mesma área de coñecemento do bolsreiro no caso de estudantes universitarios. Para o cálculo de N_{\max} non se computarán as notas daqueles bolsreiros aos cales, de acordo co disposto neste real decreto, lles corresponda percibir a contía variable mínima.

R_j = renda per cápita do bolsreiro (igual a cero se R_j é negativa).

R_i = renda per cápita de cada un dos bolsreiros a que se refire S .

R_{\max} = renda per cápita máxima para ser beneficiario da contía variable.

Para o cálculo da nota media do estudante (N) aplicaranse as seguintes regras:

1.º Ás cualificacións dos bolsreiros de primeiro curso de grao procedentes das probas de acceso á universidade aplicaráselles un coeficiente corrector igual ao cociente entre a cualificación media obtida nos estudos universitarios polos bolsreiros da área de coñecemento que corresponda e a cualificación media obtida nas probas de acceso á universidade, excluindo a nota da fase específica por todos os beneficiarios que van cursar primeiro curso na dita área de coñecemento.

2.º Ás cualificacións dos bolsreiros de primeiro curso de grao procedentes de ciclos formativos de grao superior aplicaráselles un coeficiente corrector igual ao cociente entre a cualificación media obtida nos estudos universitarios polos bolsreiros da área de coñecemento que corresponda e a media das cualificacións obtidas por todos os bolsreiros de primeiro curso procedentes de ciclos formativos de grao superior.

3.º Ás cualificacións dos bolsreiros de primeiro curso de máster aplicaráselles un coeficiente corrector de 1,17 cando as súas cualificacións procedan de titulacións da área de arquitectura e enxeñaría.»

Catro. O artigo 12 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 12. *Modalidades de bolsas para programas de cualificación profesional inicial e cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional e á universidade.*

Os que realicen os cursos de preparación para as probas de acceso á formación profesional e á universidade impartidos en centros públicos e os programas de cualificación profesional inicial poderán ser beneficiarios da bolsa básica e da contía variable mínima.»

Cinco. O terceiro parágrafo do punto 1 do artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«Os que cursen ensinanzas non presenciais ou os estudantes que utilicen a oferta específica para persoas adultas ou oferta de matrícula parcial poderán tamén obter bolsa ou axuda matriculándose de, cando menos, 4 disciplinas ou dun número de módulos cuxa suma horaria sexa igual ou superior a 500 horas, que deberán aprobar na súa totalidade para obtela no seguinte curso. Os bolseiros que fagan uso dalgunha destas posibilidades poderán ser beneficiarios da bolsa básica e da contía variable mínima.»

Seis. O punto 2 do artigo 18 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Carga lectiva superada. Os estudantes de primeiro curso de bacharelato deberán acreditar non estar repetindo curso e ter obtido unha nota media de 5,50 puntos no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria ou proba de acceso, se é o caso.

Os estudantes de primeiro curso do resto de ensinanzas a que se refire este artigo deberán acreditar non estar repetindo curso total nin parcialmente.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por disciplinas deberán acreditar ter superado todas as disciplinas do curso anterior, con excepción de unha.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por módulos deberán acreditar ter superado no curso anterior ao menos un número de módulos que supoñan o 85 % das horas totais do curso en que estivesen matriculados.

Non se concederán bolsas ou axudas a aqueles que estean repetindo curso total ou parcialmente.

Entenderase que cumpren o requisito académico para seren bolseiros os que repetisen curso cando teñan superadas a totalidade das disciplinas dos cursos anteriores a aquel para o cal solicitan a bolsa ou axuda.

Soamente poderá obterse bolsa ou axuda durante o número de anos que dure o plan de estudos. Non obstante, os que cursen ensinanzas non presenciais ou utilicen ofertas de matrícula parcial ou específica para persoas adultas poderán obter bolsas e axudas durante un ano máis.»

Sete. O terceiro parágrafo do punto 1 do artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«Os que cursen ensinanzas non presenciais ou os estudantes que utilicen a oferta específica para persoas adultas ou oferta de matrícula parcial poderán tamén obter bolsas e axudas matriculándose, cando menos, dun número de módulos cuxa suma horaria sexa igual ou superior a 500 horas, que deberán aprobar na súa totalidade para obtela no seguinte curso. Os bolseiros que fagan uso dalgunha destas posibilidades poderán ser beneficiarios da bolsa básica e da contía variable mínima.»

Oito. O punto 2 do artigo 19 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Carga lectiva superada. Para obter bolsas e axudas, os solicitantes do primeiro curso destas ensinanzas deberán acreditar ter obtido 5,50 puntos en segundo curso de bacharelato, proba ou curso de acceso respectivamente.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por disciplinas deberán acreditar ter superado todas as disciplinas do curso anterior, con excepción de unha.

Os estudantes de segundos e posteriores cursos organizados por módulos deberán acreditar ter superado no curso anterior cando menos un número de módulos que supoñan o 85 % das horas totais do curso en que estivesen matriculados.

Non se concederán bolsas ou axudas aos que estean repetindo curso.

Entenderase que cumpren o requisito académico para seren bolseiros os que repetisen curso cando teñan superadas a totalidade das disciplinas dos cursos anteriores a aquel para o cal solicitan a bolsa ou axuda.

Soamente poderán obterse bolsas e axudas durante o número de anos que dure o plan de estudos. Non obstante, os que cursen ensinanzas non presenciais ou utilicen ofertas de matrícula parcial ou específica para persoas adultas poderán obter a bolsa durante un ano máis.»

Nove. O punto 1 do artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Matriculación. Para obter bolsas ou axudas nestas ensinanzas os alumnos deberán matricularse de curso completo. Para estes estudos poderá concederse a bolsa básica e a contía variable mínima.»

Dez. O punto 2 do artigo 22 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Non obstante, poderán obter tamén bolsas e axudas os alumnos que se matriculen de entre 30 e 59 créditos nun curso académico. Neste caso serán de aplicación as seguintes regras:

a) Os que opten pola matrícula parcial e non se matriculen de todos aqueles créditos dos que lles fose posible poderán obter unicamente a contía variable mínima e a bolsa de matrícula. Para obter a bolsa ou axuda no seguinte curso deberán aprobar a totalidade dos créditos en que estivesen matriculados.

b) Os que cursen estudos de grao en modalidade distinta á presencial poderán obter unicamente a contía variable mínima e a bolsa de matrícula. Para obter a bolsa ou axuda no seguinte curso deberán aprobar a totalidade dos créditos en que estivesen matriculados.

c) Naqueles casos en que, en virtude da normativa propia da universidade, resulte limitado o número de créditos en que poida quedar matriculado o alumno, este poderá obter todas as contías que lle correspondan se se matricula en todos aqueles créditos nos cales lle sexa posible. Se os ditos créditos se cursan nun cuadrimestre/semestre, a contía da bolsa ou axuda que lle corresponderá será a bolsa de matrícula, a contía variable mínima e o cincuenta por cento das demais contías que lle correspondesen. No suposto de que o alumno se matricule tamén no segundo cuadrimestre/semestre correspondente ao curso académico, completárase a contía da bolsa ata o total que lle correspondese.»

Once. O artigo 23 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, as contías a que se refiren as letras a), b) e c) do punto 1, e o punto 2 do artigo 9, os que se matriculen por primeira vez de estudos oficiais de grao deberán acreditar unha nota de acceso á universidade de 6,50 puntos, con exclusión da cualificación obtida na fase específica, no caso de que accedan a través da proba de acceso ás

ensinanzas universitarias oficiais de grao para os que se encontren en posesión do título de bacharel ou equivalente, ou unha nota de 6,50 puntos na proba ou no ensino que lles permita o acceso á universidade noutro caso.

2. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, a bolsa de matrícula como único compoñente, a puntuación a que se refire o parágrafo anterior será de 5,50 puntos.

3. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, as contías a que se refiren as letras a), b) e c) do punto 1, e o punto 2 do artigo 9, os solicitantes de segundos e posteriores cursos de ensinanzas universitarias deberán ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades	10
Ciencias	100
Ciencias Sociais e Xurídicas	100
Ciencias da Saúde	100
Ensinanzas Técnicas	85

Alternativamente, os solicitantes de segundos e posteriores cursos que non superen a porcentaxe de créditos establecida no parágrafo anterior poderán tamén obter as contías mencionadas no parágrafo anterior se acreditan ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes de créditos e ter alcanzado as seguintes notas medias nas disciplinas superadas:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos a superar	Nota media nas disciplinas superadas
Artes e Humanidades	90	6,50 puntos
Ciencias	80	6,00 puntos
Ciencias Sociais e Xurídicas	90	6,50 puntos
Ciencias da Saúde	80	6,50 puntos
Ensinanzas Técnicas	65	6,00 puntos

4. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, a bolsa de matrícula como único compoñente, os solicitantes de segundos e posteriores cursos deberán acreditar ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades	90
Ciencias	65
Ciencias Sociais e Xurídicas	90
Ciencias da Saúde	80
Ensinanzas Técnicas	65

5. En todo caso, o número mínimo de créditos en que debeu estar matriculado o solicitante no curso anterior a aquel para o cal solicita a bolsa será o que, para cada caso, se indica no artigo anterior.

6. No caso de terse matriculado nun número de créditos superior ao mínimo, todos eles, incluso os de libre elección, serán tidos en conta para a valoración dos requisitos académicos establecidos neste real decreto.»

Doce. O artigo 25 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 25. *Supostos de aproveitamento académico excepcional.*

Entenderase que cumpren os requisitos académicos os alumnos que teñan un excepcional aproveitamento académico.

Para determinar se existe aproveitamento excepcional do alumno calcularase o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes a cuxa matriculación obriga o artigo 22.

A porcentaxe de créditos que hai que superar establecida no artigo 23 para obter bolsa ou axuda determinarase nestes casos mediante a seguinte ecuación matemática:

$$85 - (Y/10) \text{ ou ben } 65 - (Y/10)$$

Para ensinanzas técnicas, dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no punto 3 do artigo 23.

$$100 - (Y/10) \text{ ou ben } 80 - (Y/10)$$

Para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Ciencias e de Ciencias da Saúde dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no punto 3 do artigo 23.

$$100 - (Y/10) \text{ ou ben } 90 - (Y/10)$$

Para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de Artes e Humanidades e de Ciencias Sociais e Xurídicas dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no punto 3 do artigo 23.

Y é o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes a cuxa matriculación obriga o artigo 22.»

Trece. O artigo 26 queda redactado nos seguintes termos:

«Para obter bolsa nos estudos conducentes á obtención dun título oficial de máster universitario será preciso que o solicitante sexa admitido e se matricule, no curso para o que solicita a bolsa ou axuda, dun mínimo de 60 créditos.

Non obstante, poderán obter tamén bolsa ou axuda os alumnos que se matriculen de entre 30 e 59 créditos no curso académico, que deberán aprobar na súa totalidade para obtela no seguinte curso. Neste caso serán de aplicación as seguintes regras:

a) Os que opten pola matrícula parcial e non se matriculen de todos aqueles créditos en que lles fose posible poderán obter unicamente a contía variable mínima e a bolsa de matrícula.

b) Os que cursen estudos de máster en modalidade distinta á presencial poderán obter unicamente a contía variable mínima e a bolsa de matrícula.

c) Naqueles casos en que, en virtude da normativa propia da universidade, resulte limitado o número de créditos en que poida quedar matriculado o alumno, este poderá obter todas as contías que lle correspondan se se matricula en todos aqueles créditos nos que lle sexa posible. Se os ditos créditos se cursan nun cuadrimestre/semestre, a contía da bolsa que lles corresponderá será a bolsa de matrícula, a contía variable mínima e o cincuenta por cento das demais contías que lle correspondesen. No suposto de que o alumno se matricule tamén no segundo cuadrimestre/semestre correspondente ao curso académico, completárase a contía da bolsa ata o total que lle correspondese.

d) O número mínimo de créditos fixado nos parágrafos anteriores en que o alumno debe quedar matriculado no curso para o que solicita a bolsa ou axuda non será exixible, por unha soa vez, no caso dos alumnos aos cales, para finalizar os

seus estudos, lles reste un número de créditos inferior ao dito número mínimo, sempre que non gozasen da condición de bolseiros durante máis anos dos previstos no artigo 29.

e) As disciplinas ou créditos recoñecidos, validados e adaptados non se terán en conta para efectos do cumprimento dos requisitos académicos establecidos neste real decreto.

No caso de matricularse nun número de créditos superior ao mínimo exixido, todos eles serán tidos en conta para a valoración do rendemento académico do solicitante.»

Catorce. O punto 1 do artigo 27 queda redactado como segue:

«1. Os estudantes de primeiro curso de másters que habiliten ou que sexan condición necesaria para o exercicio dunha profesión regulada deberán acreditar unha nota media de 6,50 puntos nos estudos previos que lles dan acceso ao máster. Nos restantes estudos de máster a dita nota media será de 7,00 puntos. Para estes efectos, as notas medias procedentes de estudos de ensinanza técnica multiplicaranse polo coeficiente 1,17. Os estudantes de segundo curso de másters que habiliten ou que sexan condición necesaria para o exercicio dunha profesión regulada deberán acreditar unha nota media de 6,50 puntos en primeiro curso. Nos restantes estudos de máster a dita nota media será de 7,00 puntos. En ambos os casos requirirase ter superado a totalidade dos créditos do primeiro curso.»

Quince. O artigo 30 queda redactado nos seguintes termos:

«Nos estudos superiores non integrados na universidade organizados por créditos, os requisitos académicos exhibibles para a obtención de bolsa ou axuda serán os establecidos neste real decreto para os estudantes universitarios da área de Artes e Humanidades.

Nos citados estudos superiores non integrados na universidade e organizados por cursos académicos requirirase, para efectos da obtención de bolsa ou axuda, que o solicitante se matricule por cursos completos. Este requisito non será exixible, por unha soa vez, cando ao solicitante lle reste un número menor de créditos ou disciplinas para finalizar os seus estudos, caso en que deberá matricularse de todos eles.»

Dezaseis. Quedan sen contido os artigos 31 e 32.

Dezasete. O punto 2 do artigo 33 queda redactado nos seguintes termos:

«2. Para garantir a eficacia no cumprimento dos obxectivos a que se dirixen as bolsas e axudas ao estudo de carácter xeral, a bolsa de matrícula, a bolsa básica, as contías ligadas á residencia e á renda, a contía variable mínima e as contías adicionais concederanse a medida que se formulen as correspondentes propostas parciais de concesión. A contía variable concederase como se indica no artigo 9.2 deste real decreto.»

Dezaoito. Engádesse un parágrafo d) ao punto 2 do artigo 40 e modifícase o parágrafo c) que quedan redactados nos seguintes termos:

«c) Non máis tarde do mes de marzo de cada ano, as comunidades autónomas remitiranlle ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o estado comprensivo das obrigas recoñecidas e dos pagamentos realizados con cargo aos libramentos que ata esa data efectuase o departamento con cargo a ambos os exercicios, nos termos recollidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, diferenciando as bolsas e axudas que son obxecto de financiamento estatal daqueloutras que se concedan en réxime de cofinanciamento. Recibida esta

documentación e, en todo caso, antes do mes de xuño, liquidarase a cada comunidade autónoma o importe ata completar o financiamento que lle corresponda ao Estado das bolsas e axudas concedidas, a excepción do importe reservado para compensar as bolsas de matrícula, que se aboará unha vez que se reciba no Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a información das universidades sobre prezos públicos percibidos polos bolseiros a que corresponda a bolsa de matrícula, sen prexuízo da posibilidade de realizar pagamentos á conta ás universidades.

Cando unha vez liquidado o importe ás comunidades autónomas indicado no parágrafo anterior sexa necesario completar o financiamento por motivo de reclamacións ou recursos estimados interpostos polos solicitantes de bolsas e axudas ao estudo ou por calquera outro motivo, completárase o financiamento co importe necesario para cubrir a concesión das bolsas e axudas ao estudo aos alumnos polo importe que lles correspondese de terlles concedido as ditas bolsas e axudas no momento da concesión inicial, o que, en ningún caso, modificará as contías das bolsas e axudas xa concedidas ao resto de alumnos.

O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá anticipar ás comunidades autónomas os importes indicados nas letras b) e c) anteriores no primeiro trimestre do curso escolar.

d) No caso de que as dispoñibilidades orzamentarias permitan a concesión da contía variable a que se refire o artigo 9, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte procederá á distribución da dita contía variable utilizando a fórmula prevista no citado artigo, así como ao libramento das cantidades resultantes ás comunidades autónomas para o seu aboamento aos beneficiarios.»

Dezanove. Suprímese o punto 3 do artigo 40.

Vinte. O punto 2 da disposición transitoria primeira queda redactado nos seguintes termos:

«2. Non obstante, poderán obter tamén bolsa ou axuda os alumnos que se matriculen cando menos do cincuenta por cento dos créditos establecidos no punto anterior. Neste caso serán de aplicación as seguintes regras:

a) Os que opten pola matrícula parcial e non se matriculen de todos aqueles créditos dos que lles fose posible poderán obter unicamente a contía variable mínima e a bolsa de matrícula. Para obter a bolsa ou axuda no seguinte curso deberán aprobar a totalidade dos créditos en que estivesen matriculados.

b) Os que cursen estudos en modalidade distinta á presencial poderán obter a contía variable mínima e a bolsa de matrícula. Para obter a bolsa ou axuda no seguinte curso deberán aprobar a totalidade dos créditos en que estivesen matriculados.

c) Naqueles casos nos cales, en virtude da normativa propia da universidade, resulte limitado o número de créditos en que poida quedar matriculado o alumno, este poderá obter todas as contías que lle correspondan se se matricula en todos aqueles en que lle sexa posible. Se os ditos créditos se cursan nun cuatrimestre/semestre, a contía da bolsa que lle corresponderá será a bolsa de matrícula, a contía variable mínima e o cincuenta por cento das cantidades que lle correspondesen. No suposto de que o alumno se matricule tamén no segundo cuatrimestre/semestre correspondente ao curso académico, completárase a contía da bolsa ata o total que lle correspondese.

d) O número mínimo de créditos fixado nos parágrafos anteriores en que o alumno debe quedar matriculado no curso para o que solicita a bolsa ou axuda non será exixible, por unha soa vez, no caso dos alumnos aos cales, para finalizar os seus estudos, lles reste un número de créditos inferior ao dito número mínimo, sempre que non gozase «da condición de bolseiro» durante máis anos dos previstos no punto 13 seguinte.»

Vinte e un. O punto 8 da disposición transitoria primeira queda redactado nos seguintes termos:

«8. Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, as contías a que se refiren as letras a), b) e c) do punto 1, e o punto 2 do artigo 9, requirirase que o solicitante superase no curso anterior a aquel para o cal solicita a bolsa ou axuda o 100 % dos créditos matriculados se se trata de estudos das áreas de Artes e Humanidades, de Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias e Ciencias da Saúde, e o 85 % no caso de ensinanzas de Enxeñaría e Arquitectura.

Alternativamente, os solicitantes de segundos e posteriores cursos que non superen a porcentaxe de créditos establecida no parágrafo anterior poderán tamén obter as contías mencionadas no parágrafo anterior se acreditan ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes de créditos e ter alcanzado as seguintes notas medias das disciplinas superadas:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar	Nota media nas disciplinas superadas
Artes e Humanidades	90	6,50 puntos
Ciencias	80	6,00 puntos
Ciencias Sociais e Xurídicas	90	6,50 puntos
Ciencias da Saúde	80	6,50 puntos
Enxeñaría e Arquitectura	65	6,00 puntos

Para obter, nas condicións previstas neste real decreto, a bolsa de matrícula como único compoñente, os solicitantes de segundos e posteriores cursos deberán acreditar ter superado nos últimos estudos cursados as seguintes porcentaxes dos créditos matriculados:

Rama de coñecemento	Porcentaxe de créditos que hai que superar
Artes e Humanidades	90
Ciencias	65
Ciencias Sociais e Xurídicas	90
Ciencias da Saúde	80
Enxeñaría e Arquitectura	65

Vinte e dous. O punto 12 da disposición transitoria primeira queda redactado nos seguintes termos:

«Entenderase que cumpren os requisitos académicos os alumnos que obteñan un excepcional aproveitamento académico. Para determinar se existe excepcional aproveitamento do alumno calcularase o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes a cuxa matriculación obriga o punto 1 anterior. A porcentaxe de créditos que hai que superar nestes casos para obter bolsa determinarase mediante as seguintes fórmulas matemáticas:

$$85 - (Y/10) \text{ ou ben } 65 - (Y/10)$$

Para ensinanzas técnicas, dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no punto 8 anterior.

$$100 - (Y/10) \text{ ou ben } 80 - (Y/10)$$

Para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de ciencias e de ciencias da saúde dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no punto 8 anterior.

$$100 - (Y/10) \text{ ou ben } 90 - (Y/1)$$

Para as ensinanzas universitarias adscritas ás ramas de coñecemento de artes e humanidades e de ciencias sociais e xurídicas, dependendo de que o solicitante se acolla á primeira ou á segunda das opcións sinaladas no punto 8 anterior.

Y é o incremento porcentual de créditos matriculados sobre o número mínimo destes a cuxa matriculación obriga o punto 1 anterior.»

Disposición derradeira terceira. *Publicación de relacións de beneficiarios no «Boletín Oficial del Estado».*

Naqueles casos nos cales as convocatorias de bolsas, axudas e premios ao estudo que publique o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte así o establezan, publicaranse no «Boletín Oficial del Estado» as relacións provisionais e/ou definitivas de beneficiarios ou a referencia aos medios nos que aquelas se fagan públicas.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo.*

Correspóndelle ao ministro de Educación, Cultura e Deporte, no ámbito das súas competencias, ditar as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de agosto de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA